





## SUBIOTE DE PAPEL





O anaco que sobra de facer un cadrado de papel, dobrámolo polo medio e cortámolo.

Utilizaremos un dos dous anacos.





Este papel dobrámolo polo medio -en forma de cume- e cada unha das metades dobrámolas tamén polo medio -agora en forma de val-, marcando ben os vincos.

Temos así esta figura.



Perpendiculares ao seu cume, dámos 4 ou seis cortes, de algo menos de 1 cm de fondo, e equidistantes outro tanto entre si.

Cada dous cortes, retallamos o papel, deixándoo en forma de ameas.  
En realidade non precisamos dar ningún corte, porque vai funcionar igual, mais fica o subióte máis bonito.



Collido entre os dedos indicador e medio, cunha lapela para cada lado..., colocámolo sobre os beizos -en posición vertical- e sopramos.

Experimentamos coa abertura e a forza do sopro para facelo asubiar con xeito.  
Un ensaio do son telo no arquivo:  
[asubío\\_de\\_papel.mp3](#)